



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en abril de 2024

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de abril do ano 2024 acadou a cifra de 1.068.335 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de marzo de 2024 de 6.740 afiliacións (0,63%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 21.101.505, rexistrando un incremento do 0,95% con respecto ao pasado mes de marzo.


Na comparativa interanual (abril de 2024 con abril de 2023) obsérvase un aumento de 18.020 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,72%) e un aumento do 2,36% (486.516 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de marzo de 2024, rexístrase un aumento das afiliacións en todas as comunidades autónomas, destacando Illes Balears cun incremento do 10,73%. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Canarias, Madrid e Illes Balears con taxas interanuais superiores ao 3,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2024	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>21.101.505</b>	<b>199.538</b>	<b>0,95</b>	<b>486.516</b>	<b>2,36</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.068.335</b>	<b>6.740</b>	<b>0,63</b>	<b>18.020</b>	<b>1,72</b>
Andalucía	3.440.682	41.365	1,22	54.178	1,60
Aragón	609.535	1.876	0,31	12.536	2,10
Asturias	381.888	2.203	0,58	6.074	1,62
Illes Balears	569.326	55.155	10,73	17.035	3,08
Canarias	909.195	2.942	0,32	31.937	3,64
Cantabria	229.770	2.462	1,08	2.142	0,94
Castilla La Mancha	769.810	6.165	0,81	11.003	1,45
Castilla y León	965.186	5.597	0,58	18.624	1,97
Cataluña	3.764.170	33.089	0,89	88.440	2,41
Comunitat Valenciana	2.141.264	11.688	0,55	54.365	2,61
Extremadura	409.401	3.365	0,83	2.317	0,57
Madrid	3.675.558	14.639	0,40	127.887	3,60
Murcia	660.331	7.507	1,15	18.817	2,93
Navarra	308.174	2.360	0,77	4.405	1,45
País Vasco	1.013.716	1.588	0,16	16.473	1,65
La Rioja	137.344	738	0,54	2.690	2,00
Ceuta e Melilla	47.820	59	0,12	-427	-0,88

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social subiu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,38%, seguida de Pontevedra (1,42%), Ourense (1,10%) e Lugo (0,69%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de abril con respecto ás do mes de marzo, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,63%. As catro provincias galegas presentan unha taxa de variación intermensual positiva: Lugo (0,81%), A Coruña (0,71%), Pontevedra (0,53%) e Ourense (0,49%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2024	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	465.745	3.265	0,71	10.810	2,38
LUGO	124.750	1.004	0,81	856	0,69
OURENSE	105.327	511	0,49	1.143	1,10
PONTEVEDRA	372.513	1.959	0,53	5.211	1,42
<b>GALICIA</b>	<b>1.068.335</b>	<b>6.740</b>	<b>0,63</b>	<b>18.020</b>	<b>1,72</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>21.101.505</b>	<b>199.538</b>	<b>0,95</b>	<b>486.516</b>	<b>2,36</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,03% das afiliacións galegas en abril de 2024, aumentaron un 0,75% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,39%. En España estas taxas foron do 1,06% con respecto a marzo de 2024 e do 2,66% en relación ao mes de abril de 2023. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,71%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,60%), Ourense (-1,06%) e A Coruña (-0,08%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,20%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,33%. Para este réxime e con respecto ao mes de marzo de 2024, suben as afiliacións en Pontevedra (0,27%), A Coruña (0,16%) e Ourense (0,06%), mentres que baixan en Lugo (-0,04%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do 0,15%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,89% e unha subida intermensual do 0,36%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a abril de 2023, baixan as afiliacións en Lugo (-5,76%), Pontevedra (-5,14%) e A Coruña (-4,32%). A taxa galega acaba entón o -4,96%, inferior á de España (-1,83%). Con respecto a marzo de 2024, A Coruña (2,63%) e Pontevedra (0,42%) presentan unha taxa de variación intermensual positiva, mentres que Lugo (-0,59%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa. A taxa galega amosa un incremento do 0,96% con respecto a marzo de 2024. A taxa nacional é do 2,75%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2024	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	465.745	0,71	2,38
LUGO	124.750	0,81	0,69
OURENSE	105.327	0,49	1,10
PONTEVEDRA	372.513	0,53	1,42
GALICIA	1.068.335	0,63	1,72
ESPAÑA	21.101.505	0,95	2,36
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	376.585	0,80	3,04
LUGO	91.952	1,13	1,60
OURENSE	82.909	0,60	1,70
PONTEVEDRA	292.899	0,59	2,00
GALICIA	844.345	0,75	2,39
ESPAÑA	17.673.517	1,06	2,66
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	83.852	0,16	-0,08
LUGO	31.395	-0,04	-1,60
OURENSE	22.418	0,06	-1,06
PONTEVEDRA	67.501	0,27	0,20
GALICIA	205.164	0,15	-0,33
ESPAÑA	3.364.938	0,36	0,89
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.308	2,63	-4,32
LUGO	1.403	-0,59	-5,76
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.113	0,42	-5,14
GALICIA	18.825	0,96	-4,96
ESPAÑA	62.155	2,75	-1,83

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**4.- Evolución da afiliación**



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>